

A·NSA·TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redaición e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 71

A CRUÑA 5 DE SAN MARCINO DE 1918

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste dun núm. 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados



LUIS PORTEIRO GAREA

Nasceu en Lugo — Finou en Compostela ó 27 d'Outono do 1918

Irmans: que ó morto que alenta nos seus pensamentos, viva sempre en vos;
sigamol-o camiño, cheio de luz que abriu o seu genio

IN MEMORIAM

Fala o corazón

Cando unha follifa azul, "morreu Portelro", sintín dentro de min —joh Pondal!— como o estrondo do alto pino que caí no chán celiando os ulidores piñons que deixan perdurable semente, semente da que ficarán descendentes altivos, vingadores fillos. E reguel conpranto acedo a misia devesa espiritoal. Era domingo. Escintillaba o bon sol do domingo, divinizado por Rubén. Había no ár "ledicia de día séptimo." E Portelro que endexamais conocera o acougo, que loitara sempre e non coñabas deixar de loitar nunca, porque a estrela lumiosa da sua frente li'impúia o eterno combate no que son armas as triadas fungadoras de Cuixos; Portelro que nun domingo invernal acollerá con a sorrisa d'apostol na plaza pública —templo da ciadanza, desde Atenas a hoje,— aló en Celanova, a trágica rayola de lume, obra dos homes, que lle fixo relembrar o verso cristalio de Cabanillas, "que belo morrer o de morrer pola patria nunha mañán de sol," nun domingo d'Outono recibiu de Deus a morte que os homes non porderan darlle. O incansable Portelro, inda traballou para morrer o día en que os traballadores e os burgueses descansan. E Deus, que lle deu a morte en domingo, ben soubo, por sabelo todo, que o domingo é día de pasión e de resurrección.

Ante a follifa azul, fun o home vulgar que chora e salouca, que non pensa porque siente ao son das cordas da lira torva dos nervos, e que, acordando sua tragedia íntima e esgazadora con os doces versos aados da noite outonal de Alfredo de Musset, fal que a

*bouche garde le silence
pour ecouter parler le cœur.*

Toda pena fonda e cousa calada, caladísia, caladísimamente singela. O seu simbo está nunhos panos pretos, moi pregados, beira dunha fontela onde brilla auga crara...

O castigo dos vermes

Hai un Portelro, o Portelro "de todos," que finou para sempre nun domingo de pasión. Este Portelro fica sepultado baixo sete capas de logares comúns callados d'adjetivos, logo que lle tiveron feito funeraes castelás de terceira nas irexas parroquias da publicidade cotiana da terra galega. Pero hai outro Portelro, o meu, o noso, o irmán dos irmáns na idea, íntimo para os íntimos, espíritu de figura descomprendido polos espíritus matemáticos de que falou Pascal nas suas "Cartas," forza perene cheia d'inquietudes emocionaes, que conquerímos agora enteiro para nos, que resucitou somento para nos, cando morreu o Portelro "de todos." E este Portelro-idea, este Portelro-símbolo, este Portelro-sentimento, ponte de un único arco trunfal que une o pasado con o porvir, neste boletín enxebre, ermidia fechada a cotío para a publicidade, erguelta balzo o palio dos pinos pondalinos, cal sanatorio para os nosos mozos tuberculosos do espírito, terá quincenalmente un *Te Deum* saudador, fermoso como unha alborada de primaveira... A nosa fouce emblemática poderá mais que a gadaria da morte. Se a morte quixo tirse de nos, nos rímonos dela. Pero non ocurriu asina. A morte sempre é seria e fecunda; e gracias á morte, desde hoje nos é permitido decir que nunca foi mais nosa a nosa terra que agora que nela fica para sempre, como unha semente sagrada, o corpo do irmán Lols. E testio para min—uso dunha palabra allea—que os vermes que royan os seus

molos, para castigo da sua osadía han trocárse en vermes de luz...

O pensador

Cando o Portelro "noso," se troque no Portelro de "todos,"... Entón chegará o sábado de gloria da "sua," Galicia. E non habrá carreiras de publicidade que enturbien como agorá, lembrando aos corvos, a voz cristalina dos sinos, das doces campanas das brancas ermidañas enxebres. Portelro será daquela O Pensador.

¡Que boa obra patriótica podería facernos Asorey! Unha obra tentadora para un artista que naceu como Cabanillas, no rincún helénico de Cambados. Sofiou muitas veces Asorey con esculpir na dura pedra de granito un símbolo gallego. O símbolo soñado faixe luz e imaxe plástica agora...

Miguel Angel cincelou *Il Pensieroso* para o podrido dos Médicis: unha nobre e melancólica imaxe da *inteligencia trunfante*; melancolia se chama o día siguiente ao trunfo.

Augusto Rodin, fixo *Le Penseur*, forte nudés masculina e musculara, representadora da *inteligencia militante* en vísperas de parto e vitoria.

E o *Pensieroso* e o *Penseur* un fiorentino, outro parisien, polo genio de dous escultores, un quincentista e outro novecentista, aparecen sentados. Cícalis porque, como dixo Xenius, para traballar e soñar mais noblemente percíase o acorzo da cadeira.

Aquela formosa cabeza do noso Portelro, culas sedosas e pretas meleñas rebeldes treman, como chamas d'azeache, nas horas feliçes da tribuna... Aquela formosa testa de león, de león con alma de nevo que para servir d'exemplo das tres transformacións de Nietzsche faixballe pasar pola metamorfosis do camello, que éle non tivo e lle non perdonaráu nunca que non tivese os que viven a rás do chán; aquela artística testa froi escollida da nosa raza; aquela comba amplia e dóce da frente lucida d'energético; aqueles ollos grandes, vivos, falanguelros, conqueridores, cheios d'anxo, como pardas en libertade; aquele colo forte, curto, ajedado para apoplegia, lembrai do León de Graus; aquele corpo musculoso, rexo, de ancho peito, albergo dun imenso corazón, de mozo barudo, non leviran, copiados por un escultor enxebre, á lembranza do espírito do gran irmán pola plastificación da carne sua na pedra?

O "noso pensador," de granito, sentado sobre a nosa terra más nosa porque é na que os seus restos acougan, ollando por milagre do arte como das propias cinzas resurdia en espírito e en verdade para vivir en nós...

O genio

"Asin miña cabecina nova fol axiña atelgada de multitud d'imáges e aventuras, de persoas e d'acontecementos considerabres e prodigiosos, e endexamais o hastio polo colérime, pois eu estaba atafegado costantemente en aproveitar iste fondo de conquerimentos, en xuzgalo e reproduciollo." Estas palabras que Goethe escreveu en "Poesía e Verdad," vóldio escrevillas tamén o noso Portelro. Nelas lateja a síntese da sua vida, vida de lotta constante e constante inquietude, desde a infancia mesma. Abonda sinalar somente algúns tránsitos da existencia do gran irmán para que as ilñas da sua persoalidade, teñan o percliso craro-escuro. Primeiro o febril traballo escolar que s'impuxo para conquerir o direito a novos estudos; logo, unha pequena tempada de sofrimento con as ásas pregadas, facendo de segredario de municipio rural; logo, o alto voo e segredario da sección de cencias morales

e políticas no Ateneo de Madrid, e jornalista e bohemio por forza...; logo, a catedrá na vella Compostela, conquistada polo seu talento, e o bufete con creto *in crescendo* e o fogar cheio d'amore. ¿Non vedes a escada, a gran escada, de madeira da vontade, forte como a dos carballeiros das nosas fragas que fixo Portelro para subir? Ele esculpia a sua propia estatua, como díz a un aleandrino. Ele tivo a virtude da columna "que vai-se facendo mais fina de por fora e mais forte interiormente canto mais s'ergue,"

Portelro era unha natureza, se atendemos á clasificación que fixo Goethe dos homes en *naturezas e títeres*, segun sejan ou non fieles á sua singularísima lei vital. Galego dos pes á testa; galego polo sentimento e polo pensamento, todo galego en todo, con todo, e para todo... Por iso os títeres negadores do seu propio ser, non comprendian ao noso irmán. Nen o comprendian os chamados seus mestres, proba de que éle foi mestre de si mesmo.

E decide: se Portelro non merez o nome de político genial ¿quén o merez ou mereceu en ningures na Galicia?

"Literato.... "rapaz ilustrado,... "brillante esperanza,"... "bó abogado,"... istas foron as louvas que se lladican na maioría dos papás.

Literato o non foi Portelro, porque non tivo tempo para facer literatura, ja que nunca, condenado a lotta perenne, pudo gozar do "ocio helénico." Mas foi artista da palabra sugeridora, artista das frases inquietantes, semeador d'emocións, pensador polifacético e supracívile. Nengún problema galego, relacionado con os problemas universaes, quedou l'édito e sen desfrorar no seu laboratorio interno. O seu cerebro dictírase feito polo sopro do *quid divinum*, con sustancia de melgo cristal acromatizado, e a sua palabra cristalina non era mais que reflexo daquele cerebro. O seu sentimento deitaba sempre sinal e fecundo como auga de Milo. Imagen mascolina da simpatia. Home todo craridade, todo objetividade, no senso parnasiano, todo trasparencia e bondá. Psicología de ensayista. Temperamento d'escultor de povos. Inda también dono da sal que produce o verde e jugoso humorismo da raza. O seu corazón inmenso trocábase nunha fervenza d'entusiasmos; o seu grande cerebro, nunha fervenza de xermolamentos ideas. E a sua face era espello da sua alma. E a sua alma, somente unha verba portuguesa, sinigoal en nengunha lingua, pode definila: *tremelucta*. Apontando ideas, como nun perpetuo xogo d'imaginación, eustuaba, pois nelé douse, o mesmo que en Giner dos Ríos cícalas, a lumiosa espontaneidade pedagógica. E así, de certo, inda que non deixase nada escrito, como o non deixaron nen Sócrates, nen Cristo, polos seus discípolos e irmáns podería refacerse o seu enxebre doutrinario.

Este noso Lols, parodiando ao Lols rei sol da Francia, se algún titere lle dixera que na nosa terra non hai ambiente para o nazonalismo, e ben seguro que coincidindo con un literato catalán, exclamationaria "O ambiente son eu."

Negra sombra

Halvos de certo unha mala fada que delta seus folgos negros sobre a nosa terra. Troncha en plena mocedade aos galegos geniales. Derradeiramente Saiz Armesto e Portelro. Portelro inda non chegara aos trinta anos, que Espronceda maldeceu en verso por ser para ele a edade dos amargos desenganos. Portelro inda tifia más illusións que desenganos. Portelro sería home de perenes illusións porque era seu imenso corazón como forja d'un Vulcano enxebre onde gardaba o segredo de fabri-

car a sua propia fe, mollando a cotío a frente lucida en auga de Juventia.

Porteiro, con todo, iría que a *grippe* treidora o non houbese assassinado, habería de ser home de poucos anos de vida. Fervía nélle a inquietude febril dos predestinados precoce que deixan o mundo tan axiña donan o los-tregueo inmortal do seu cerebro, como estrelas fuxitivas. Larra, Becquer, Gavilvet, Navarro Ledesma, Prat da Riba... Estes homes son homes de contínuo esgazamento interior, homes que escreven con sangue, cal quería N'esztche que s'escrevira. Volcás espirituales n'erupción consumen axiña todas as energías físicas. Porteiro en pouco tempo, falou de arte, de sociología, de nazionalismo, de custiós de direito, de cousas agrícolas, de política. E deixou apontada unha estética enxebre—na conferenza da Exposición Corral—e todo un ideario nazionalista, onde latejan as nossas cubizas ideaes na *post guerra*. Pero estes homes precoce, son os que mais viven en senso de lembranza nas almas mozas, ás que acaban trasfundindo seu espírito d'esencia póstuma.

O home

Porteiro, concidindo con o novo senso norteamericano, non era optimista nin pessimista nos problemas galegos: era meliorista, e dicir, dos que saben que hai muito que facer en Galicia pero que se poderá facer todo, tendo forza de vontade. Sintiu a moderna democracia aristárquica: a do governo do povo polo millor do povo para ben do povo.

Os artistas novos tiñan nélle un guia e un apoio; os homildes un defensor; a justiza un apóstol. Pola injustiza foi encarceado, cando a folga revolucionaria d'agosto, cícalis porque fora abogado dos labregos de Nebra persiguidos logo da bárbara tragedia, froito do caciquismo que ele estudiou e combatiu sempre, sempre...

Quixó que nas nossas autuas levásemos como bandeira un poeta: e cuidou ollar en Cabanillas o gran poeta da raza.

O fogar

Era un nifio cheio d'amore e d'agarimos cordiáes, na vella Compostela. O pino altivo, ollábase reproducido en dous miúdos vástagos. Porteiro deixá doulos filliños, nos que adoraba, nos que pensaba a todas horas. ¡Cantas veces como o persoaxe d'Amicis apreixando nas suas mans fortes as maucifias ronsadas da queles pequeninos galanos, intentaría lérelles o porvir. "Qué serán estes meus nenos, que serán estes meus nenos, que serán, oh Deus...? E os dous tenros pinos miudíños agora fican no rincuncho triste e bretemoso d'unha orfandade trágica. ¡Malpocadíños!

A iniciación nazionalista

Eu fixeo un folletín con anacos do meu ser de home natureza. Aquele folletín ten para sempre encarcada a miña alma. Serviu, endebeit, de rexia de confesonario para que Porteiro todo gallego, confessara e penetrara nélle seu sentimento, seu pensamento e sua vontade nazionalistas. As follas do meu folletín escritas con sangue, ajeltárose para que o luine alcuso no corazón de Porteiro prendera nillas e puldeámos ofrendar asín a Galicia unha fogueira cheia de músicas ideaes, que, como as sagradas das antigas vestais, non teña acabamento endex'mais.

Valoración dos verdaideiros precursores

Porteiro, Banet Fontenla e Ribalta son os verdadeiros precursores da Galicia libre.

Porque non pode haber "precursión," sen "continuacion." E ninguén redimiu a sua alma integralmente, vivendo, predicando e praticando, no idioma propio, que é o da libertade, agás Porteiro, Banet e Ribalta aos que siguen moitos e seguirán más.

Brañas mesmo, contradicíu seu falar castelán con o seu pensar galego.

Porteiro, o loitador, o pensador, é o primeiro novecentista morto que vive no corazón da Galicia nazonalizada. Non se fala aquí dos poetas.

A. VILLAR PONTE.

N-A MORTE DE PORTEIRO

Lembranzas íntimas

¡Morreu o noso Porteiro! Vou esquirbir pra ser lido e quixera esquirbir pra min soilo. ¡Fondas penas, que amargas e fondas sodes! Porteiro era meu millor amigo, un irmán con toda a y-alma e de tod'a vida. Non tivo anguria nin ledicia que me non comunicase e que xuntos non disfrutásemos; non cruzou seu cerébro ningunha ideia que me non dixese; ó calor da sua amistade e da sua cultura foise formando o meu espíritu, ó longo dos anos mozos, n-a intimidade das nosas conversas diárias, que tiñamos todal-as tardes n-o seu modesto cuarto d'estudio, cheio de papés, d'apuntes, de xornaes e libros; él me daba pensamentos, puliamos e con agarimo paternal iba acumulando en min quasi todal-as ideias que en min viven. Lía en min com'a eu lía n-él. E ano tras ano nosa amistade e pensamento camiñaban inseparables. ¡Quén maxinaba unha separación tan brusca!

Inda fai dez días—o siguiente de caer no leito—rifei amistosamente con él porque tivo unha ideia que me pareceu ausurda: quixó que levasenlle a cama—da que non ergueríase mais—pró seu esquirtorio; y-aquela determinación párciame filla do medo á doencia qu'eu percuraba presentarle pequena. ¡E foi qu'él quixó morrer—eisi tiña que morrer—n-o medio dos seus libros que rodeaban o pol-as duas bandas, ó rente do seu traballo; e ó carón do leito fixera nór aquela mesiña, metálica e nervuda com'a él,—mesa de campaña—n-a qu'esquirtaba todal-as suas verbas de loitador, vibrantes e acesas com'o seu espíritu!

Por iso débeseme perdoar esta miña expansión íntima, inda que non intrése; esquirbo e choro a un tempo; e non poido falar mais que do amigo. N-outros días, cando a serenidade torna a min, xa esquirbri do Porteiro apostol, do Porteiro noso, d'aquel home, todo vontade e aición, qu'era lumiosa atalaia que a todos nos guibia.

Era Porteiro o cerebro mais grande de toda Galicia. Teño tratado moitos homes de talento, e salvo poucas excepcións, depois d'algúns conversas non atopaba n-eles a constante novedade e frescura que produciam Porteiro. Era seu cerebro un volcán de ideas; saian a montos e saian fervendo; adicado casi sempre a es-

tudios sociais e políticos, era o galego mais capacitado n-eles, e o úneco que conocía ó dia os mais novos e pequenos fenómenos e doutrinas qu'iban transformando o mundo. Colléun-o a morte adicado con fondo entusiasmo ó estudio dos probremas qu'a post-guerra pranteará en Galicia; tiña datos e pensamentos admirables, que recolleremos com'a herdo sagro invaluable que servirános de norma e solución pra dias futuros.

Do seu amor a Galicia diravos d'abondo, mais que todal-as gabanzas, o siguiente caso que si en vida o non dixo, por pudor d': Ima aristocrata, atrévome a descubril-o despois de morto pra exemplo dos bós e condenación das almas podres que non conciben a satisfação dos grandes sacrificios patrióticos: despois da loita electoral do Febreiro, vendo os caciques en Porteiro un poder qu'avanzaba por Galicia com'a unha ola purificadora, por medio d'un sinificado cacique, que xa disfrutara varias veces do Poder, ofreceronlle unha acta de diputado a Cortes, sin gastos, mais pleitos en Madrid os que quixera pra poder vivir con folganza, sin mais obriga que «faguer compatibres as ideias rexonalistas co-a esencia dos partidos turnantes». A contesta de Porteiro foi espartana, dina d'un descendente de Pardo de Cela: «sopen o qu'era a fame—contestou—e fun sempre honrado; mais quero morrer que ser instrumento de morte pra miña terra; si tal fixera, todal-as maldicións dos meus serían poucas.»

N-os tres anos qu'estivo en Madrid, un dos seus maiores amigos fora o tamén malogrado Said Armesto. E os dous morreron cando o trunfo comenzaba a alumear o seu camiño de loitadores. Com'a Said Armesto, en Madrid Porteiro tivo tratos co-a fame, que lle insinou, c-o exemplo inequívoco, as tragedias do vivir. Com'a él morreu cando os lóstregos do seu xenio rasgaran as brétemas que tapaban seu porvir glorioso e fecundo. Com'a Said Armesto deixá viuda e fillos e n-as mesmas condicíos da viuda e fillos de Said Armesto. ¡Que fatal maldición pesará sobre tí, ouh nai Galicia! que teus fillos grandes soio poiden anidar n-o niño dos humildes!

Eu vos digo esto, galegos que me ledes e o non sabedes. Voso patriotismo dígavos o qu'eu me calo.

Morreu en Santiago ó pé das tumbas de Rosalia e Brañas. Mocedade galega: lembrábamónos dos nosos precursores, je él si que foi o precursor! Que a sua morte nos xunte mais a todos. Por desgracia xa temos un dos nosos a quem rendirle as nosas dóres e entusiasmos. Eu, n-a sua morte soio vos pido unha cousa: que a sua tumba sexa santuario da cidadanía, onde todol-os anos os bós galegos, con nosos espíritus enloitados, vaimos encender mais e mais o noso patriotismo co-a sua lembranza; que sexa o seu nome un

xuramento sagro. E sexan os dous tres, Rosalía, Brañas, Porteiro, ali xuntos—xuntas estarán tamen as suas almas—firentes triadas, as fungantes triadas de Curros que nos firan, que nos ceguen, pra estar sempre n-a loita, inda que caian lóstregos, como di o noso Castelao.

L. PEÑA NOVO.

Fonda lembranza

Morreu o apóstol. O verbo todo luz do galeguismo enmudeceu. E o seu consello, a sua orientación, a sua guía fallan xa. N-esta hora solemne que pasa, cando a luz portentosa do seu cerebro, aceso como un faro, éranos mais percisa, o sopro da fatalidade fixo surxir as somas da morte e unha oleada de desconcerto sigue ao apagárese d'aqnela mentalidade como unha antorcha, indicadora do camiño a seguir como lumioso indice potente. Desaparece o mestre, o loitador, o guía, e ainda más que o mestre, loitador e guía o pai espiritual das nosas nobres e fondas arelas patrióticas, o experimentado e seguro encauzador de tantas enerxias como latexan no seio das abnegadas xumentudes galeguistas. Súpito e acedo foi o tránsito fatal. A orfandade mais escura é con nosoutros, e cegos de momento, fallos d'aquela luz poderosa qu'era como o noso norte, en cada un de nós terá qu'iniciarse unha luz propia que, integrándose e compretándose no conxunto das outras, servirá pra alumear de novo o camiño qu'agora, mais que nunca, acometeremos cheios de folgos,

Irmáns de toda Galicia: O próximo dia 15 ha facérese a gran velada necrológica, en lembranza a Lois Porteiro, no teatro da Cruña. O próximo 17, a gran Asamblea nazonaiista, e mais un mitin, en Lugo.

A traballáremos todos con entusiasmo polo maior éxito destes actos, para que conquiran o senso de transcendencia que cubizamos.

¡Terra a nos!

honorando e cumplimentando eisi a esperada e derradeira vontade do apóstol.

Boa foi a xornada fatal prós desleigados, prós enemigos da redenzón galega. Mais non coíderon, inconscientes, qu'a labor do mestre non se perde, qu'hoxe mesmo a semente xa-xermola nos seus discípulos, e que istos faguendo da lembranza gloriosa unha bandeira, apréstanse a erguela mais trunfante e orgullosa que nunca; mais outiva e señora. Puideron nun momento os oligarcas coíder no seu favor a fatalidade e até crérse aliaños d'ela; mais axiña ista crénza evairáse cando ollan como nosco, sin temor algúin, cheos do ardor que da a fe nas propias conviccións, loitando contra todo e contra todos, sabemos cumplir o imperativo qu'o apóstol nos legóu.

Non con verbos que leva o vento, que fuxen supetamente, honoraremos nós a lembranza do gran Porteiro. Non. Fique iso pra os que levan a verbe sagra, galeguismo, sóio nos labres, sin afincazón alguna no peito; pra aqueles que alardean

—ouh sarcasmo!—d'un nazonalismo non sentido, que se viste co fatelo ignominioso da lingua da opresión. Nós honoraremos no inequívoco apóstol, de lembranza latente de cote no recuncho mais fondo das nosas mais caras lembranzas, con feitos, coa aución persistente e tenaz que o mestre preconizaba e na que él soupo adiestrarnos a cotío. A evocación da sua esistencia toda luz, toda esforzo e sacrificio, será a escola viva na que adeprenderemos como se sirve á patria cando ela esixe o integral sacrificio da esistencia.

O malogrado apóstol, o guía inequívoco, o home de cerebro lumioso como un faro, todo iso finou, borrouse todo. Mais as ideias, o sagro tesouro que nos legóu un pensamento poderoso e forte, as aleacionadoras enseñanzas, isas fican con nós, isas non morren. E n-elas vivirá o noso Porteiro a vida inmortal dos homes grandes d'aqueles homes que souperon vivir pra darse todos ao trunfo completo d'unha idea.

RAMÓN VILLAR PONTE.

CARTAS INTIMAS

DO NOSO XENIAL ARTISTA

Sr. D. Lois Peña Novo.

Meus irmans: Recibin as vosas cartas. Son bó galego; tan bó como poide sel-o mellor qu'haxa. Irei a Lugo, anque me coste un sacrificio.

Parece qu'unha mala fada caiu enriba de Galicia. ¡Morreu Porteiro!... E ben, ista desgracia debe erguer ainda mais os nosos entusiasmos. Anque mesmamente caian lóstregos, nós sempre n-a loita. Eu soupen a desgracia onte e chorei; pero axiña púxeme a pensar qu'ainda quedan moitos pr'a loita. Por enriba da vida ou da morte está Galicia.

Lembranzas pra todos de voso irmán

ALFONSO R. CASTELAO.

DO POETA DA RAZA

Sr. D. Lois Peña Novo.

Meu querido irmán: colleume n-o leito a tua carta chamándome a Lugo y érgome d-el pra chorar a un tempo a morte do teu irmán Manoel Vázquez y-a do noso Porteiro, o noso home do instante que se aveciña, de quén eu agardaba agora o xesto nazonalista libertador. Teño traspasado o corazón. Paréceme que nos caiu unha parede da nosa casña. Estou que morro.

É perciso que sereamente pensemos n-un recordo, n-un homenaxe á sua memoria, ó seu nome grorioso, dino d-él e de Galicia.

Con vosoutros en corpo e y-alma

R. CABANILLAS.

Terra de Mós-Out. 28.

DO MESTRE D'ENXEBRISMO

Sr. D. Antón Villar Ponte.

Meu querido irmán: Despois de tanto tempo de silencio pra con vosté, escribolle hoxe baixo da tremenda impresión da morte de Porteiro. Desque soupen que adoecera a alma me dou qu'ibamos ter que lamentar unha grande desgracia. E asina é a realidade d que costa caro o se afacer.

Temos sofrido unha perda irreparabre, enorme, todolos seus amigos e compañeiros, e mais ainda aqueles seus compañeiros no loitar pol-o ideal nazonalista galego que n'el tiñamos, sin quizais decafarmonos ben, unha guía que con luz escintilante alumaba o noso camiño. Friunos a desgracia no mais vivo, no mais fondo como si un sino fatal nos presiguise. Pro, Deus o dispuxo;

e os que ficamos tras d'él recordarémos sempre e do seu inequívoco exemplo tiraremos azos pra traballarmos con esforzo no noso santo emprego.

Agora hay que ver de escomezar de novo a nosa campaña: ja ve que s'aveciñan transformacións fondas, e todo parece que vai camiño de satisfacción do ideal rexionalista, no sentido autonomista, pro compre que Galicia non fique calada, e que non deixe de recabar en tempo a autonomía que, como ningunha outra nazionalidade ibérica precisa para realizar seus fins federativos de progreso e perfeizoamento en todolos ordes da vida. Eu entendo que chegou o momento de se botar á propaganda tan axiña o permitan as circunstancias sanitarias; e sobro do que vostedes acorden rógolle me teña ao corrente.

A min ja me parecía que a xuntanza de Lugo do 24 derradeiro non s'iba poder facer, pois estamos no período mais agudo do andacio, e en todas partes hai doentes a eito. Pro, si Deus quere, ha desaparecer axiña, e tras dos dias tristeiros, outros virán confortadores e ledos pra o espírito.

Unha aperta do seu irmán e correxionario

MANOEL BANET FONTENLA.

J'terra a nosa!

Monforte, Outono 1918.

Liñas biográficas

Lois Portelero Garea, tifia a penas trinta anos. Nado en Lugo, desde moi rapaz viviu en Santiago. Ganou a mérito todas as asignaturas do bachillerato e da carreira maior así como o título de bachiller e da licenciatura e más o premio Fernández Carril.

Ganou tamén, por oposición rigorosa, a cátedra da Universidade.

Cando andava no segundo ensinio sintia ja vocación literaria. E escreveu entón nun boletín de rapaces chamado *La Tribuna Literaria*, onde fixo as primeiras armas.

A sua vida en Madrid, foi molto azarosa. Aló viviu facendo grandes equilibrios económicos. Estivo empregado un pouco tempo na Ademultrasturación do Imparcial. Saíu botando lume contra Gasset.

Logo fundou no Radical, de Lerroux, unha folla semanal galega, contra os caciques. Mol querido de Vázquez de Mella, tamén no Correo Español escreveu algun artigo. No Ateneo, entre a juventude intelectual, destacou, actuando en palestras soadas. Tanto que inda non sendo por fa feita de cartos socio permanente daquela casa, por unanimidade e porriba dos estatutos, fixeronlo segredario da sección de ciencias morales e políticas.

Sendo estudante, persidiu unha Tuna que visitara a Cruña. Já dono da cátedra, abriu bu-

fete d'abogado na cidade compostelán. Mostrouse como grande civilista. Ganou moitos pleitos contra jurisconsultos de sone.

Ao fundárense as "Irmandades", foi dos primeiros a ingresar nelas, organizando a de Santiago, onde pronunciou un discurso que anda imprimado.

Mas denantes destas actuacions, en Madrid fixera unha memoria do doutorado sobre "O sistema parlamentario e o caciquismo", que é modelo e louvaron todos os jornaes da Corte. Tamén a revista madrileña *La Palabra* editou unha conferencia sua sobre os municipios, notabilíssima.

No Paraninfo da Universidade de Santiago deu unhas conferencias interesantísimas sobre as modificacions que a gran guerra introduciu no Direito civil. No "Círculo Mercantil", de Vigo e no "Círculo de Artesanos", de Pontevedra dera tamén conferencias notables, coma na "Mútua Mercantil", da Cruña, onde dixo que a nosa Banca estaba en barbeito.

¿Quén no se lembra das duas conferencias que definindo o nazionalismo galego pronunciou na "Reunión d'Artesanos", crufesa, expondo o noso programa, denantes de sair os galleguistas para Cataluña?

Logo, en Barcelona falou en varios actos públicos. Fixolle sobre os catalás como no Código civil portugués estaban resoltos os problemas galegos que no Código civil castelán non se teñen en conta para nada.

Cando os nazionalistas catalás visíeron a Galicia ele pronunciou numerosos discursos, sendo os de Ourense os más felices. Houbo de ser vítima do caciquismo idóneo en Celanova cando ali traballaba sua candidatura para diputado a Cortes.

Derradeiramente fixo o cristalino folleto para os emigrados que imprimiu e espallou a "Irmandade da Fala", da Cruña. O seus últimos discursos foron o tan fermoso sobre o arte galego, na Exposición d'Imeldo Corral, e o de Villalba sobre a post guerra.

Cando os sucesos d'Agosto foi encarcegado en Santiago. Foi defensor dos agrarios de Nebra. Foi tamén d'outros moitos que tifian fame e sede de justiza. Fixo a cidadana e valente campaña das quintas. Foi alento dos creadores da Juventude de Defesa de Vilagarcía. Nos seus artigos "Verbas dun loitador", celou ideas admirables. Ideas admirables celou tamén naquela conferenza que pronunciara no "Casino Republicano", da Cruña o 11 de Febreiro de fai dous anos.

No municipio compostelán, onde era concejal agrario rifilló fortes loitas pola moralidade administrativa e polos intereses do povo.

Mais que profesor era irmán maior dos seus discípulos. Alentou e ajudou a moitos rapaces artistas que a él acudiron.

Deixa unha pobre viuda que adoraba nele. Deixa dous filiños sen agarimo, de cuia educación deberá encargarse o claustro universitario de Santiago. Portelero morreu pobre. Non tifia nem para o entierro que pagou ó Municipio santugués.

Mostras de dolor

Son moltos os telegramas, telefonemas e mensaxes de pesame que recibiu a "Irmandade da Fala", da Cruña. De Cataluña, entre outros, o do presidente da Mancomunidad, Puig e Cadafall, o do presidente da Diputación de Barcelona, de Cambó, etc. Do xefe parlamentario dos nazionalistas bascos, Sr. Aranzadi; do Sr. Ventosa, do Sr. Vehils, do Sr. Durán e Ventosa, do Sr. Gómez e Pons, do Sr. Ivo Fernández, etc. De todas as "Irmandades" de Galicia, e d'outras entidades. Tamén o digno cónsul de Portugal, Sr. Oliveira, nos deu un pesame sentido. O mesmo a "Mutua Mercantil", da Cruña; D. Alfredo García Ríos, don Guillermo Cedrón, etc.

Na "Irmandade" da Cruña, púxose a bandeira galega a meia asta, con un negro crespo o mesmo que na de Betanzos.

Faceráse unha gran velada necrológica, pensouse na edición dos melhores pensamentos de Portelero e en erguer un mausoleo no címeto de Santiago. Tamén nun número extraordinario de A NOSA TERRA. E na Asamblea de Lugo, iniciativa d'ele, renditárselle outro homenaxe.

¡Pobre Portelero! Canto entusiasmo li slavia por este boletín onde seu pensamento tanto enlatexado!

Cousas fatales

Doise a "Irmandade" da Cruña de que o seu consello direutivo, por un fatal accidente automovista, non poidera chegar a tempo a Santiago para portar o cadáver do gran irmán sobre os hombros, envóvelo na nosa bandeira, e darlle o derradeiro adeus a materia no campo santo, con verbas galegas e con bágoas.

Doise también a "Irmandade", de que non se li avisara oportunamente da doença que sofria Portelero, pois algúns irmáns o asistían gosados.

A mesma falla d'oportunidade houbo en comunicarnos a morte.

Noso querido irmán Vázquez Enriquez, demostrou unha vez más con motivo desta disgracia seu bó corazón.

DO INTIMO

¡Morreu Portelero! ¡O Loitador morreu! As suas verbas, fillas do seu espíritu, se mentador d'inquietudes (com'um noso irmán chamouno) non racharán xa o ar! ¡Xa n-as ceibará como firentes lóstregos soberos escravizadores da Terra! ¡Xa non nos donarán azo nos momentos incertos da loita!

**

A sua morte puxo nas nosas vidas un deixo de amargor e nas nosas almas un moito mais de rebeldía.

Coidamos ouvir as risas sarcásticas dos caciques, satisfeitos de qu'a morte deralles

un cadavre con que encher a sua rabiia impotente. ¡Rinse mentras nos choramos!

**

¡Irmans! ¡Deixadeos que rian! Ainda qu'o Loitador non nos guíe, os seus ensiños serán o faro lumioso que nos leve ó trunfo.

¡Deixádeos qne rian! Dia chegará en qu'as suas risas tróquense en berros d'agonia. E estes berros perderanse entr'o estrondo do hino trunfal cantado por un pobo dono de sí mesmo.

E até entonces, irmans, pregade a Deus por el, que tamen chegará o tempo en qu'o Loitador escoite a orazón mais grata ós seus ouvidos...

A orazón da Patria libertada.

UN IRMÁN.

Epicínio e responso

A memoria de Lois Porteiro, curazón aceso, alma forte, Heroe futuro...

Com'un carvallo ergueito, ó vento...
Com'unha lume roxa, sobor da montaña moura.

Com'unha fervenza d'auga, antr'o val morto.

En verdá vos digo, que tiña a arrogancia do carvallo ergueito, ó vento i'a inquietú da lume roxa, sobor da montaña i'a forza e a vontá da fervenza d'auga; antr'o val morto.

Por qu'il, foi curazón aceso, alma forte, home novo, cheo o peito de lume e de lus...

Foi o berro no silenzo, o impulso no pais abúlico, a vontá de ferro antr'oos paralíticos...

**

Eu sentin unha tristura, unha depresión, que pesaba sobor de míñ.

Era un más, que caía.

A morte inmisericorde e implacable, viña a levarnos un irmán.

Y as miñas rebeldías eran como lobos fámentos, en míñ.

C'as maus pechadas desafiaba ó ceo...

**

Despois, púxenm'a pensare que a sua sombra iría con nosco, perenamente...

**

Estantias berrei, enchinm'o peito c'o aquil berro trunfal, enchinme d'optimismo, de forza, d'ardentia.

Non, non e non!

Agora, a morte do Mestre de vontá, daranos mais xuventú e mais ardore pra luta.

Daranos mais caraxe, mais desejo, mais entuseasmo, pra seguir luitando pola redenzón da Galiza irredenta.

E o seu recordo será na nosa alma com' unha vos que nos dese alento...

**

S'un caiu, nos, debemos berrar mais, oubear, c'unha vos mais doente...

E que o noso responso fraternal, sexa tamen epicínio, aleluya e hosamna.

O Mestre non morreu!

A súa sombra estará con nosco, perenamente...

E na nosa alma.

E na futura Galiza, grande e forte, da que il podería ser Héroe.

Porque foi un sementador d'ideias e podería sere no futuro o Home representativo.

CORREA-CALDERÓN.

AS DERRADEIRAS VERBAS DO LOITADOR

CARTA POSTUMA

Por unha fatalidade, do destino chegou a poder do noso irmán Peña Novo ista carta de Porteiro, ó dia siguiente da sua morte: esquirta o dia qu'enfermou, é o seu derradeiro pensamento, as suas derradeiras verbas do loitador que caiu cal lle cadraba: loitando por Galicia. Por iso son verbas sagradas que temos que recoller como herdo grorioso.

Señor Don Luis Peña Novo.

Quirido Luis: lin a tua carta. Paréceme ben, definitivamente ben, rematadamente ben o que me dás dos traballos que vades levar á Asamblea de Lugo.

Eu tamen estou faguendo un cuestionario e nél tratarei dos puntos istes:

a Final da guerra europea. Cuestión internacional e representación de Galicia n-a hora da paz.

b Política interior: Pensamento galleguista, autos, proiectos diversos, como Creto agrícola, Facenda municipal, Aranceles, Reformas de Tribunales, etc.

c Cuestiós d'urxencia pra Galicia qu'esixiremos ó Goberno:

Cuestiós agrarias.

Organización xurídica.

Idem técnica.

Cuestiós culturales.

Idem industriaes etc.

d Eleciós. Visto que se falsea a vontade popular e que a eliminación sistemática dos censos, trampas

etc., e sobor todo, o deixar pra conta da iniciativa privada o que debe ser da responsabilidade do Goberno (cal é o problema da legalidade eleitoral). Visto o fracaso dos Gobernos n-este orde, se chegan outras eleciós en estes termos debemos d'acudir a elas ou declararnos fora da legalidade constitucional buscando n-outors procedimentos ó que por vía legal non se poide conquerir.

Sendo o noso fin o ben de Galicia coido que teremos que aplazar o noso xuicio público hasta que chegado o caso podamos ponderar todos os factores e circunstancias, pr'onde logo temos que faguer constar que non repudiamos ningunha forma de governo si nos val pra outer istas cousas por medio de autos honrados. Do contrario titíamnos que ir por forza a un levantamento popular pra remover os oustáculos.

E por iste orde, outras cousas. Tamen debemos ocuparnos das nosas relaciós c'-os outros partidos, e o Manifesto debe ser expresión do noso programa da campaña a emprender.

Penso que ten que ser unha causa moi forte, moi radical (n-o senso nazonalista) pro moi amplia e desinteresada.

Vós ide faguendo o que poidades. Hai que traballar a cotío.

Unha apreta de

PORTEIRO

¡Terra a nosal!

O NOSO PERCISO ARMISTICIO

PARA TODOS OS BOS GALEGOS

O Sr. Rodriguez Pérez, diputado cuneiro por Padrón—daqueles pós veñen estes fanfogos—falou da política sanitaria no Congreso. Dixo que pola cativa cantidad de trinta pesetas non había médicos que quixeran ir a Rianxo. Só un acetou: e iste “porque era gallego.” (sic).

Molto diputados votáronse a rir. E no Diario deses Ións do Congreso recollense istas “risas”.

Nós coidamos que o anónimo cuneiro non tivo mentes d'aldraxar a nosa raza.

Quixó decir, que somente un galego por amor aos seus, sacrificouse.

Ben, pois, a protesta dunhos distintos victimos da Cruña contra o Rodriguez e Pérez, que, aldraxador ou non, debe non seguir cunelreando en Padrón nen en ningures.

Pero aquela protesta ten que extenderse mais e dirgirse a outros seítors: ten que ir contra os diputados representativos do espírito hegemónico castelán, que hoje como onte e sempre, fixeron a fan bulra de nosoutros. Ten que ir contra os chamados diputados galegos que logo d'ouvirren illas aldraxadoras para nós, sintindo vergonza por seren galegos ou preferindo a todo non rífar con os amos centralistas e noxentos, toleraron aquele aldraxe sen pidiren nengunha explicación.

Nós, os nazonalistas galegos, temos que dicir que foron fillos de... o que queirades, eses imbeciles e escuros que nos testen por sujetos de bulra e de salnete.

Os galegos d'alma escrava, os galegos in-

conscientes, que se sinten fachendosos cando en Madrid ou en povos de Castela alguén os louva dicindolles que non parecen galegos—polos eis disimulan o acento como se fose un crimen—; eses galegos que dán que nñoguen aldraxa a Galicia no centro, na meseta irta, que se fixen nésas "risas". Son como luz de lóstrego que alumea a realidade.

Son as mesmas risas que estalaron na Academia de Jurisprudencia da Corte, saídas dos beizos dos grandes abogados ali congregados, cando Alba, nunha conferencia sua, falou do acento galego de Montero Ríos. (Ollese a colección de A NOSA TERRA).

Son as mesmas risas que Cervantes, Lope de Vega, Moratín e outros moltos grandes escritores castelanos tiveron para aldraxar a Galicia. Son as mesmas risas con as que en Martí-Hernández la Gallega—obra que louvou Bessada—s'ofende ás mulleres da nosa terra, ás nosas avós, ás nais das nosas nais, como as ofendera también Cervantes. Son as mesmas risas con as que nos documentos públicos antigos se nos di polos castelanos "eses que nós chamamos galegos de nazón.. Son as mesmas risas que o espírito hegemónico de Castela, causante de todos os desastres coloniales, espalhou en contra de nós por toda a América.

Son as risas que toleraron sempre, como cosa fatal, os galegos que renegan do seu idioma, os gafegos que disimulan por consideralo un crime o patrio acento e os nossos literatos sen senso propio, que sigulndo a moda de Azorín, atopan belezas no irto chan-

de Castela, esquecendo os valores poéticos da terra nosa, sen somellanzas pola sua bonitura na España toda...

"Deixa a Castela e ben a nós, dicianos agrámosamente inda fal pouco, un gran poeta portugués. "Pobre Galicia non debes chamarte nunca española," dixo Rosalía a santa logo de devolverlle a Castela en odio justo o que con odio injusto nos ten dado sempre Castela.

E os poetas mandan. Manda a voz imperativa de Cabanillas cando lle dí ao seu carillón cantareiro: "non me leves a Castela, já que arrenegou de nós," e cando berra: "sen outro alcume nen outro achego: galego, solo galego."

O mal, a doença crónica, non está, pois, no cuneto Rodríguez Pérez: está no centralismo hegemónico de Castela; está no idioma sojuzgador, de que falou Valle Inclán, está nos galegos parvos e labercos, escravos do régimen apodrecido e cheirento que agora vai caír para non erguerse mais, que se chaman políticos caciques e oligarcas. Mal que lle pese a Farruquito, cronista do moribundo e noxento *Heraldo de Madrid*.

A maldición da raza, a maldición da historia para os galegos que en troques de sentirense a si mesmos nesta hora de liberdade dos povos asovalados, conquerida con sangue, sigan sendo escravos vontarlos do domeador que suga a nosa vida propia ou é estorbo para cantes loltan por unha Galicia libre, dona dos seus destinos e do seu goberno, na gran confederación ibérica.

¡Que agora escomiencen as risas dos que non rimos até agora!

No século XX, cando o direito das nazonalidades naturaes é reconecido polos povos que loitaron na gran guerra—¡Oh parvo Besteiro!—un boletin oficial, o "Diario de Sesións do Congreso de España rise de Galicia, como se rira a "Gaceta de Madrid," no século XIX, chamándonos aos galegos "fillos espúreos da patria española,"

Chegou o momento d'escollemos: ou somos unha raza apestada, un pobo como o judío, merecente de ser esmagado por estorbante á civilización, ou somos un pobo cheio de luz capaz de voltar polos seus foros e pola honra e proveito do seu porvir.

Os nazonalistas galegos están dispostos a pór á deradeira carta, todo o fero valimento enxebre do seu santo esforzo, e chaman a todos os bós compatriotas, sej n'quenes sejan, nesta hora crítica, rogándolles que non se detiffin ante nengunha causa persoal, que de momento hai que esquencer, para formar no exército nazonalista. Non pode haber pasado de persoas agora: só pode haber presente, no que todos aparezamos como novos, en irmandade, cal se nunca nos tiveramos conocido.

¡Están os brazos abertos!... Patriotas: un armisticio para antigos rencores; unha paz entre nós, para a loita redentora. ¡Cataluña vai ser autónoma; también Euskadi! Peusade na nosa responsabilidade, se agora, e ja serás para sempre, perdemos a liberdade de Galicia.

Terra a nosal

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

Na imprenta obreira faise toda cras de traballos

FRÁBICA MECÁNICA

:-: DE CALZADO :-:

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

GRAN FONDA Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, nô seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

Gran H. Universal

Rúa da Reina (dá Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa más antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un etuspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com os dos cosecheiros esportadores Sres. R. López DE HEREDIA (Hiro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE ESCRUTIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2º piso.—A CRUÑA

Faise: cárregos de toda cras de traballos gráficos; en imprenta; litografia e fotograbado, así como sellos de caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS

FOTOGRAVADO

Teléf. 434



A CRUÑA

Fillos de A. Barceló (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheros, esportadores de viños sefeltos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Sou os únicos donos das marcas de molto creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

—DE—

RAMOS E ACEASan Andrés 94.-1.^o — A CRUÑA

Estabreimiento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfelción e todolos aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclos e friclos de todas clases.

Nota: N este estabreimiento atopará o púbrico un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIMACION REXIONAL

(2.^a EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia», con xuicios e opiniós de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.—Os pedidos faránse o autore, no Rego d'Auga, 4-1.^o — Cruña.—Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo a mitade do prezo sinalado.

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, Sabaños e Ollos de gallo
cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Frabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez
Representante: Manuel Sánchez - A CRUÑA

*De venta n'as boas Boticas***Obras portuguesas en portugués**

As milores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camões

Tamén as principaes de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.^a

RUA REAL, 49.—A CRUÑA

H. LA PALOMA

—DE—

Ramón Morandeira

Este espródigo establecemento, situado no mais céntricos da poboación, axestado á outra dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa polo enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeloso, e que lle coste pouco dinheiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

MONTERO E COMPAÑÍA

Oficina téctica e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12 — Lugo

Dirixor:

D. FERNANDO M. DOIÑÚA, Inxenieira

Venda e colocación de toda clase de máquinas
agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proyectos e construcións

PRESUPUESTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

Consultorio Médico-Quirúrxico**J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades
en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incluso cáncer, lepra, lupus, e úlceras
atónicas) — Peito, Estómago, Anemia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Artério-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete I isioterápico: Consultas de 10 a 12
Tratamentos e prezos a horas convencionais

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Oruñense, 2-1.^o (esquina a Picavia)
A CRUÑA

VIÑOS FINOS**RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen debén vir os pedidos da Rexión

COMPAGNIE GENERALE TRANSATLTIQUE**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDAD***Servicios directo desde o porto da Cruña***LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana	:	:	:	:	:	:	:	Ptas. 298 60
Veracrus	:	:	:	:	:	:	:	313 60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo.

NOTA.—Quedan sin efecto todas as tarrxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.

